



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Orde de subsanación de documentación de solicitudes de prazas no Punto de Atención á Infancia (PAI) Curso 2022/2023

Expte. TEDEC: 2022/S004/000001

Expte. TEDEC: 2022/G003/000399

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vista a Ordenanza pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello de A Baña, que pode ser consultada na seguinte dirección web:

https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/informacion/tablon/2022/ANUNCIO_PROG_20220721220013189.html

Visto que para acadar unha praza no Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña, as solicitudes presentaranse no rexistro Xeral do concello en modelo normalizado (Anexo I) dentro do prazo establecido para tal efecto que será publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios do PAI e na sede electrónica municipal (www.sede.concellodabana.gal).

Visto que, en consonancia co disposto no apartado b) do referido artigo 7 da Ordenanza de aplicación, a documentación necesaria para a solicitude será:

- Copia DNI dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais.
- Informe do equipo de valoración de minusvalías no caso de praza de integración.
- Libro familia numerosa ou resgardo de ter presentado a súa solicitude.
- Copias certificadas da declaración IRPF de cada membro referidas ao exercicio económico con data de presentación da declaración do IRPF pechada. Se non se viñera obrigado á presentación do IRPF, aportarase certificación de imputación de rendas e certificación de ingresos referidos ao mesmo período.
- Copia da última nómina ou informe da vida laboral.
- De ser o caso, acreditación da situación de desemprego mediante a presentación da tarxeta de desempregado.
- Documentación acreditativa situación de familia monoparental.
- No caso de vítimas de violencia de xénero : certificado da orde de protección ou medida cautela, informe dos servizos sociais ou certificación dos servizos autonómicos de acollida.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Certificado de empadramento da unidade familiar e, no seu caso, certificado de empresa ou contrato laboral. Este certificado de empadramento poderá ser substituído por unha autorización expresa de consulta dos datos padronais do Concello da Baña.

Visto que unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes (do 22 ó 29 de xullo), publicárase un listado de ditas solicitudes presentadas para o oportuno requirimento de documentación, se procede, e da presentación, por parte dos interesados, das reclamacións que estimen pertinentes.

Visto que se detectaron erros subsanables nas solicitudes de praza para o Punto de atención á Infancia do curso 2022/2023 tal e como se expón na seguinte táboa, que deberán ser corrixidos por parte dos interesados achegando a documentación oportuna antes do día 5 de agosto, este incluído:

Nº de expediente	Neno/a	Nº registro	Fecha registro	Documentación pendiente
3	A.R.A.	202200000001038	26/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do pai/titor
5	E.T.L.	202200000001045	26/07/2022	Copia DNI dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais
6	A.C.F.	202200000001049	27/07/2022	IRPF ou certificación de imputación de rendas e certificación de ingresos da nai/titora
8	U.C.B.	202200000001052	27/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do pai/titor
15	A.S.C.	202200000001064	28/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do pai/titor
16	J.S.C.	202200000001065	28/07/2022	Todo: Copia DNI, nómina ou informe de vida laboral, IRPF ou certificación de imputación de rendas e certificación de ingresos dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais
20	X.M.B.	202200000001071	28/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do nai/titora
25	L.C.R.	202200000001083	29/07/2022	Copia DNI dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais
26	S.C.D.	202200000001084	29/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais
27	A.C.D.	202200000001085	29/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legais

Visto que o día 8 de agosto, tras a valoración da documentación achegada polos interesados no prazo inicial e no prazo de subsanación de solicitudes, se procederá á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos no Punto de Atención á Infancia para o curso 2022; a partir do que iniciará un prazo de 10 días hábiles para a



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

presentación das oportunas reclamacións en consonancia co disposto no apartado d) do artigo 7 da ordenanza de aplicación.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Acordar que o prazo de presentación de subsanación das solicitudes de praza do Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña se inicie hoxe, día 1 de agosto e remate o vindeiro venres 5 de agosto.

Terceiro: Establecer que os interesados e a documentación que deben achegar para subsanar a súa solicitude é a que se recolle na seguinte táboa:

Nº de expediente	Neno/a	Nº registro	Fecha registro	Documentación pendente
3	A.R.A.	202200000001038	26/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do pai/titor
5	E.T.L.	202200000001045	26/07/2022	Copia DNI dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legáis
6	A.C.F.	202200000001049	27/07/2022	IRPF ou certificación de imputación de rendas e certificación de ingresos da nai/titora
8	U.C.B.	202200000001052	27/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do pai/titor
15	A.S.C.	202200000001064	28/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do pai/titor
16	J.S.C.	202200000001065	28/07/2022	Todo: Copia DNI, nómina ou informe de vida laboral, IRPF ou certificación de imputación de rendas e certificación de ingresos dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legáis
20	X.M.B.	202200000001071	28/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral do nai/titora
25	L.C.R.	202200000001083	29/07/2022	Copia DNI dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legáis
26	S.C.D.	202200000001084	29/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legáis
27	A.C.D.	202200000001085	29/07/2022	Copia da última nómina ou informe da vida laboral dos proxenitores, titores/as e/ou representantes legáis



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Cuarto: Establecer que o día 8 de agosto se publiquen as listas provisionais de admitidos e excluídos no Punto de Atención á Infancia para o curso 2022; a partir do que iniciará un prazo de 10 días hábiles para a presentación das oportunas reclamacións en consonancia co disposto no apartado d) do artigo 7 da ordenanza de aplicación.

Quinto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.